

O Papa, ao UNIV 2010: "Sede testemuñas de Xesús con ledicia en todos os ambientes"

Benedicto XVI dirixiu unhas palabras aos participantes no UNIV na súa audiencia dos mércores. O Papa animounos a "tratar persoalmente a Cristo".

06-04-2010

O Santo Pai saudou os universitarios procedentes de diversos países que

participan no Congreso Universitario promovido pola Prelatura persoal do Opus Dei. Sinalou que "viñestes a Roma con ocasión da Semana Santa para ter unha experiencia de fe, de amizade e de enriquecemento espiritual".

O UNIV convocouse baixo o lema "¿Pode o cristianismo inspirar unha cultura global"? ". Neste sentido, o Papa invitou aos mozos a "reflexionar sobre a importancia dos estudos universitarios, para formar esa 'mentalidade católica universal' que san Josemaría describía así *'amplitude de horizontes, e un afondamento enérxico, no permanentemente vivo da ortodoxia católica'*".

"Ogallá creza en cada un -engadiu o Papa- o desexo de tratar persoalmente a Jesucristo, para dar testemuño de Él con alegría en todos os ambientes" (o texto completo de

Benedicto XVI pode consultarse na páxina web do Vaticano).

Ao finalizar a Audiencia unha representación de universitarios entregou ao Papa unha carta de agradecemento e solidariedade, asinada polo presidente do Forum UNIV 2010, o austríaco Robert Weber:

"Grazas por establecer este Ano Sacerdotal para a Igrexa e para o mundo. Vemos como moitos toman ocasión de feitos dolorosos para a Igrexa e para o Papa e sementan dúbidas e sospeitas. A estes sementadores de desconfianza queremos dicir con claridade que non aceptamos a súa ideoloxía. Respectámoslos, pero esiximos deles tamén o respecto pola nosa fe e o recoñecemento do dereito que temos de vivir como cristiáns nunha sociedade plural".

Na carta dos mozos lese ademais:

"Cada un de nós, tamén quen non ten o don da fe, coñece directamente innumerables, capeláns sacerdotes universitarios, párrocos, directores espirituais e confesores.

Coñecémoslles persoalmente, non polos xornais, e estamos agradecidos pola súa presenza dispoñible, eficaz, sacrificada, aberta a todos. A todos eles, e ao Papa en primeiro lugar, queremos dicir: ¡ Grazas "!" ".

A carta acaba con estas palabras:

"Grazas, Santidade, polo valor con que invita a todos os fieis da Igrexa a seguir a Cristo cunha entrega total, sen deixarse "intimidar polas falsas aparencias das opinións dominantes ". E grazas, tamén, a Deus, que entregou ao seu grey un Pastor que dende o primeiro momento dixo que a Igrexa hoxe é nova e está viva".

¿Que é o UNIV?

O Forum UNIV naceu en 1968, baixo a inspiración e impulso de san Josemaría Escrivá, fundador do Opus Dei. Dende entón, todos os anos os participantes foron recibidos polos Papas dende Pablo VI. Os textos das mensaxes pontificias están dispoñibles no website <https://www.univforum.org>

Os participantes, estudantes universitarios procedentes de máis de 200 universidades de todo o mundo, reflexionan sobre o tema proposto nas diversas actividades culturais que se desenvolven en diferentes lugares de Roma: conferencias, exposicións, debates, grupos de estudio, táboas redondas.

A Prelatura del Opus Dei organiza actividades de formación cristiá que completan o programa xeral. O encontro é tamén unha oportunidade para coñecer Roma e

apreciar as pegadas da historia da Igrexa dende os primeiros séculos.

- Contacto de Prensa Forum UNIV:
Giovanni Vasallo, móbil +39 335
1457557

- Contacto Prelatura del Opus Dei
(Internacional): Manuel Sanchez, tel.
066867522, mov. 3334788131

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/o-papa-ao-univ-2010-sede-
testemunhas-de-xesus-con-ledicia-en-
todos-os-ambientes/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-papa-ao-univ-2010-sede-testemunhas-de-xesus-con-ledicia-en-todos-os-ambientes/) (07-03-2026)